



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 417/2009

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	EXTRAORDINARIA
Data da Sesión:.....	26 de novembro de 2009
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	8:30 horas
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

ORDE DO DÍA

- 1. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 23 de novembro de 2009.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

Ante min,

O secretario,

D. Eladio Bendaña Pardo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2009.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP

Non asisten e se excusan:

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO:

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 26 de novembro de 2009, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. **PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2010, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

<i>Denominación da obra</i>	<i>Estado + Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
<i>CAMIÑO MATO DE ARRIBA O CRUCEIRO (OLAS) E OUTROS</i>	44.745,54 €	2.355,03 €	47.100,57 €
<i>CAMIÑO CAMPO DAS MENTIRAS E OUTROS</i>	91.819,28 €	4.832,59 €	96.651,87 €
<i>SUBTOTAL OBRAS</i>	136.564,82 €	7.187,62 €	143.752,44 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2010 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	<i>Deputación</i>
<i>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	89.652,00 €

C) Resumo:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Estado + Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Presuposto total</i>
<i>SUBTOTAL OBRAS</i>	136.564,82 €	7.187,62 €	143.752,44 €
<i>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</i>	89.652,00 €	---	89.652,00 €
<i>TOTAL</i>	226.216,82 €	7.187,62 €	233.404,44 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2010 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

<i>Denominación da obra</i>	<i>Presuposto</i>
<i>CAMIÑO DA TORRE A ESTRADA ORDES-LANZÁ (ALBIXOI) E OUTRAS</i>	31.582,21

3.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2010 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2010.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mesía, a 23 de novembro de 2009. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que, debido á coxuntural crise, este ano a Deputación permite destinar a gasto corrente ata o cincuenta por cen da cantidade asignada polo Plan a cada concello, e así, na nosa proposta consta adicado a gasto corrente un total de 89.000 euros, o que se xustifica, por unha banda, en tratar de mitigar a merma de ingresos doutras administracións públicas, e, por outra, en que este ano está prevista unha inversión no noso concello por parte da Consellería de Medio Rural de 360.000 euros en rede viaria.

En canto as actuacións a realizar, o Sr. Alcalde pon a disposición dos Sres Concelleiros os proxectos, sinalando que trátanse de actuacións en varios camiños en distintas parroquias do Concello, como Xanceda, Boado, Olas ou Visantoña, que estimamos que, polo seu estado, necesitan dunha actuación máis inmediata.

De seguido, o Sr. Alcalde cede a palabra ó voceiro do grupo popular, Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta que o seu grupo vai votar favorablemente o acordo, lamentando que non a totalidade da inversión vaia destinada a obras, si ben entende que queda xustificada pola inversión de 360.000 euros da Consellería de Medio Rural.

Non habendo máis pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos membros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as oito horas e coarenta e cinco minutos minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.